



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL, SL, PARA A REALIZACIÓN DE
ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMATIVAS RELACIONADAS CO
DESENVOLVEMENTO DA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e polo Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomea os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia

Doutra banda, don Manuel Enrique Ferreiro Regueiro, con DNI 32.776.884K, na calidade de apoderado, actuando en nome e representación da entidade Editorial La Capital, SL, con CIF B-15162068, ao abeiro das facultades que lle confire a escritura pública ante o Notario do Consulado de Buenos Aires, Marcos Rodríguez Cantero, co número 440 do seu protocolo e con data do 17 de xuño de 2015.

EXPOÑEN

Primeiro. Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o Tribunal Constitucional no son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas



opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.

Segundo.- Por outra banda os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Terceiro. A Consellería do Medio Rural pretende difundir a imaxe e os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro ao conxunto da poboación. Trátase de que á cidadanía teña coñecemento de que o consumo destes produtos afecta non só ao seu propio beneficio senón tamén ao noso sector primario e axuda á economía de todos os traballadores que o conforman.

A calidade dos nosos produtos está respaldada por cada unha das figuras de protección, as cales implican un proceso de produción, transformación e comercialización óptimo que proporciona ademais todas as garantías en materia de seguridade alimentaria. Galicia ten boa materia prima e precisamente iso é unha cualidade para conseguir que os nosos produtos acaden o estatus que lle corresponde dentro e fóra das nosas fronteiras.

A Consellería do Medio Rural e a entidade Editorial La Capital SL, teñen como fin común neste convenio destacar os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro e a cadea de valor da produción agroalimentaria galega, desde o propio produtor ata o consumidor final, pasando pola elaboración, transformación e comercialización destes alimentos de calidade.



Neste senso, é de obrigado cumprimento difundir os beneficios e propiedades destes alimentos e todo o proceso que supón a súa correcta produción.

Cuarto. Que os medios de prensa escrita de Galicia, ademais de constituír, na súa área de influencia, o medio máis axeitado para dar a coñecer a produción agroalimentaria galega e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións que son de interese xeral, contribúen a facer efectivos a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre estes medios de comunicación e os da Consellería de Medio Rural, o cal determina a posibilidade de colaboración das distintas partes para atender unha finalidade común.

Quinto.- Por outra banda, a entidade Editorial La Capital, SL, editorial do xornal o Diario de Ferrol, na súa liña de información en temas de actualidade quere participar e colaborar na elaboración, maquetación, publicación e divulgación de contidos relacionados co desenvolvemento da produción agroalimentaria galega, como instrumento de divulgación complementaria e de interese para os galegos e as galegas.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O presente convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade Editorial La Capital, SL, ten por obxecto colaborar na realización de diversas accións divulgativas e informativas relacionadas con temas de desenvolvemento da produción agroalimentaria galega, coa publicación mensual dunha páxina e unha dobre páxina no mes que indique a Consellería, no xornal o Diario de Ferrol, cun previo aviso de quince días naturais. Todo isto, co fin común de destacar os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro e a cadea de valor da súa produción agroalimentaria galega.



Segunda.- Compromisos da entidade

Serán compromisos da entidade Editorial La Capital SL , a través do Diario de Ferrol, os seguintes:

- Fixar a liña editorial e a conseguinte responsabilidade editorial dos contidos publicados.
- Todos os datos e información serán de elaboración e maquetación propia e con cargo aos medios persoais e técnicos de que dispoña a empresa. Non obstante a Consellería do Medio Rural facilitará os datos que considere relevantes para a súa difusión e aqueles outros que sexan solicitados polo medio e poderá formular en relación cos datos e información as observacións que considere pertinentes co fin de garantir a obxectividade e veracidade destes, as cales deberán terse en consideración.
- Respectará os contidos vedados que se recollen no artigo 4 da Lei 29/2005, do 29 de decembro, que regula a publicidade institucional da Administración do Estado e entidades integrantes do sector público estatal.
- Unha vez asinado o convenio deberá entregar na Consellería un documento, asinado por un representante con poder suficiente, expresivo dos gastos estimados deste convenio.

Terceira.- Compromisos da Consellería do Medio Rural

Serán obrigas da Consellería do Medio Rural:

- Achegar á entidade, como máximo, o importe establecido na cláusula de financiamento, como compensación polos gastos que lle ocasiona a dito medio de comunicación o desempeño das actividades obxecto do convenio
- Facilitar toda canta información e documentación e asesorar sobre o que sexa necesario para a boa realización das publicacións obxecto do convenio, a través da Comisión de Seguimento.

Cuarta- Financiamento

A colaboración financeira da Consellería do Medio Rural neste convenio non terá o



carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar a entidade dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento do obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación de acordo á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

O importe deste compensación pola prestación que se realiza, está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado e atendendo de xeito proporcional aos últimos datos do EGM (terceiro acumulado anual 2017), os datos de audiencia dos grupos de comunicación de Galicia de prensa escrita que quedan recollidas na memoria deste convenio.

Como consecuencia disto, a achega económica da Consellería do Medio Rural ascende a 4.921,43 € e será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 13.01.711A.640.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Este expediente tramítase como anticipado de gasto ao abeiro da posibilidade prevista no artigo 1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada respectivamente pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 e queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se aproben para o ano 2018.

Ditas cantidades serán aboadas pola Consellería do Medio Rural mediante pagos semestrais, trala xustificación suficiente da realización das actuacións obxecto do convenio correspondentes a estes meses, mediante a presentación da seguinte documentación:

-Un certificado asinado por persoa responsable onde se exprese que por parte da sociedade se realizou a actividade obxecto do convenio.

-Factura expedida polo medio de comunicación correspondente contra a consellería. Estas



facturas deberán ser conformadas pola persoa designada pola consellería á que se refire a cláusula quinta deste convenio de colaboración.

Para a presentación da factura deberase ter en conta a Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia e que establece que todas as facturas de importe superior a 5.000 euros presentaranse a través do Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF), configurado como Punto xeral de entrada de facturas electrónicas.

O resto das facturas poderán presentarse a través do propio SEF ou ante un rexistro administrativo nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

O SEF esta dispoñible para todos os provedores; o seu acceso, procedemento de alta e manuais necesarios para poder operar co sistema pódense encontrar na dirección de internet:

- <https://factura.conselleriadefacenda.es>

No proceso de carga das facturas electrónicas no SEF deben cumprimentarse os seguintes datos:

	CÓDIGO DIR 3		
CÓDIGO INTERNO SEF	OFICINA CONTABLE	ÓRGANO GESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
1986	A12009376	A12017220	GE0011235

-Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas na que se indicará a materia competencia da consellería sobre a que versou a actuación, coa desagregación dos gastos reais e se acompañará dunha copia do suplemento editado e publicado polo medio en cuestión.

En todo caso, a Consellería do Medio Rural resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do convenio e calquera outra que considere oportuna para a correcta xustificación do gasto



e do seu pagamento.

A memoria e calquera outra documentación adicional deberá presentarse obrigatoriamente en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da LPACAP.

-A entidade autoriza á administración colaboradora para que obteña directa ou telematicamente, os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. No caso contrario aportará a documentación que xustifique o cumprimento destas obrigas.

Quinta. – Comisión de Seguimento

Para os efectos de velar pola boa marcha e cumprimento do estipulado no presente convenio créase a comisión paritaria de seguimento, que actúe como mecanismo conxunto de plena efectividade e que se reunirá a petición dunha das partes. Dita comisión estará formada por un representante de cada unha das partes. A representación da Consellería do Medio Rural está formada pola persoa titular da Secretaría Xeral Técnica ou persoa en que delegue e a persoa titular da xefatura de Gabinete de Prensa ou persoa que a substitúa.

Sen prexuízo do sinalado do parágrafo anterior, a entidade Editorial La Capital, SL designará unha persoa como representante de dita empresa ante a Consellería do Medio Rural no prazo de tres días contados dende a sinatura do convenio. A referida persoa manterá contacto directo e habitual coa persoa designada pola consellería coa finalidade de coordinar e executar eficazmente as actividades que prevé este convenio de colaboración.

Sexta.- Réxime de persoal

A sinatura deste convenio non implica relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a



Consellería do Medio Rural, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incorrer o medio de comunicación, nas súas relacións cos traballadores aos que encomende a realización do traballo. En consecuencia a empresa editora asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impón verbo destes.

Sétima- Rexistro

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei estatal 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Oitava.- Protección e Seguridade da Información

No desenvolvemento do presente Convenio adoptaranse e respectaranse as medidas de seguridade requiridas pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e o seu Regulamento de desenvolvemento.

Novena.- Réxime

Este convenio ten a natureza administrativa, dos previstos no artigo 4.1.c do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada lei.



Décima.- Controversias

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán solventarse pola comisión de seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior do presente convenio.

A xurisdición contenciosa administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse.

Décimo primeira.- Resolución

Serán causas de resolución:

- a) A denuncia do convenio de colaboración por calquera das partes.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunhas das cláusulas que regulan o presente convenio. No caso de incumprimento dalgunha actuación se lle aboará proporcionalmente as actuacións executadas.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizadas as actividades acordadas.

Décimo segunda.- Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superavit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.



Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a data da sinatura ata o 15 de decembro de 2018.

E para que así conste, en proba de conformidade e tras a súa lectura, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data indicados.

Pola Consellería do Medio Rural

Pola entidade Editorial La Capital, SL

Ángeles Vázquez Mejuto

Manuel Enrique Ferreiro Regueiro